



ACTA

Expediente núm.:	Órgano Colexiado:
XGL/2018/2	A Xunta de Goberno Local

DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN	
Tipo Convocatoria	Ordinaria
Data	15 de xaneiro de 2018
Duración	Desde as 20:10 ata as 20:35 horas
Lugar	SALA DE SESIÓNS
Presidida por	XOSE MANUEL PAZOS VARELA
Secretario	BERTA ALONSO SOTO

ASISTENCIA Á SESIÓN		
DNI	Nome e Apelidos	Asiste
77010633D	ANDRES GARCIA BASTON	SÍ
73240505H	HÉITOR MERA HERBELLO	NON
76807564F	LOURDES RIAL PARDO	SÍ
78730184B	MARIANO ABALO COSTA	NON
76811297Z	MERCEDES GIRALDEZ SANTOS	SÍ
78734984G	SUSO PEREZ GALLEGO	SÍ
53113479Q	TANIA CASTRO PAREDES	NON
78739263M	TOMÁS HERMELO ÁLVAREZ	SÍ
76328194A	XOSE MANUEL PAZOS VARELA	SÍ
34907283E	XOÁN CHILLÓN IGLESIAS	SÍ
78736615W	ÁNXELA VIZOSO MARCOS	NON



Concello de Cangas

Unha vez verificada polo secretario a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día

A) PARTE RESOLUTIVA

Aprobación da acta da sesión anterior realizada o día 8 de xaneiro de 2018

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acordou aprobar o borrador da acta da sesión anterior da Xunta de Goberno Local realizada o día 8 de xaneiro de 2018.

Expediente 52/2018. Solicitud de sinalización horizontal

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

Con relación a solicitude de M. T. L. S., na que solicita sinalización horizontal con pintado de liñas amarelas, como zona de exclusión, para a entrada do Centro "Juan XXIII", sito en Monte Carrasco. A Xunta de Goberno Local acorda aprobar o informe emitido o día 04.01.2018 pola Policía Local no que se indica o seguinte:

"Que procede o pintado solicitado e ademais deberá colocar un sinal de pasaxe permanente na entrada do referido centro".

Expediente 62/2018. Solicitud para sinalizacións diversas

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar integramente o informe emitido o día 05.01.2018 pola Policía Local, que indica o seguinte:

"Que con relación á solicitude de M. B. M. na que indica que ten sinal de pasaxe permanente para un dos portalóns do taller e o outro portalón o utilizan tamén para a entrada e saída de vehículos, accedendo a través da beirarrúa, este último carece de pasaxe permanente. O problema deriva de que cada vez que ven a cargar un camión de rodas este estaciona ocupando as dúas entradas do referido taller e cos colectores do lixo que teñen a continuación non lle queda espazo para poder realizar a carga.

A posible solución que se propón por parte desde departamento e a seguinte:

- Conceder ao taller outro sinal de pasaxe permanente para o segundo portalón do negocio.

Concello de Cangas



Concello de Cangas

- Pintar e delimitar horizontalmente en amarelo a zona de reserva dos dous pasaxes permanentes.

- Recolocar os colectores do lixo noutra situación previa mediación cos veciños/veciñas afectados/afectadas".

Expediente 3346/2017. Licenza urbanística

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 3.346/17.- A "ORANGE ESPAGNE SAU", con enderezo en Paseo Club Deportivo, nº 1º-edificio 8-La finca-Pozuelo de Alarcón-28223-Madrid, autorizar a ocupación de dominio público e conceder licenza de obras para canalización de 12 metros de tubo en rúa Alexandre Criebeiro, 5 e 16 metros de tubo na Avda. de Vigo, nº 95, de conformidade coa documentación presentada o 23 de maio e 7 de decembro de 2017, e coas condicións impostas pola Consellería de Infraestruturas e Vivenda de data 20 de novembro de 2017. O presuposto de execución das obras que ascende a dous mil novecentos noventa e seis euros con corenta e dous céntimos (2.996,42 €).

As obras non se poderán realizar no período do verán, comprendido entre o 15 de xullo e o 15 de setembro. Non se permiten reposicións parciais.

Nin durante o período das festas de nadal (21 de decembro a 7 de xaneiro) nin durante as de Semana Santa. Deberá regular o tráfico durante as obras. Non se permiten reposicións parciais.

* Debe repoñer a totalidade dos servizos e infraestruturas afectadas.

* Por razóns de seguridade e na medida do posible, non se permiten análizacions sobre a calzada, debéndose emprazar nas zonas destinadas a beirarrúas.

Acéptase a fianza depositada o 8 de xaneiro de 2018 en Bankia, por importe de trescentos euros (300,00 €).

No caso de que o concello teña que facer obras no dominio público do sistema viario e resulte afectada esta obra, será por conta de Gas Galicia o traslado, adaptación, reposición ou calquera outra actuación que resulte necesaria, sen que iso supoña dereito a ningún tipo de indemnización.

Deberase axustar, así mesmo, ás seguintes condicións:

*Se o vial ten 5,00 metros ou mais de ancho, procederase por parte da empresa a reasfaltar un carril.

*Se o vial é inferior a 5,00 metros de ancho, deberá reasfaltar 1,00 metro a cada lado da zanja.

Expediente 5279/2017. Licenza urbanística

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentiment

EXPEDIENTE Nº 5.279/17.- Outorgar a A. B. R., con enderezo na Avda. de Vigo, nº 101-3ºE-

Concello de Cangas



Concello de Cangas

Cangas, licenza de obras para no lugar de Parada-Coiro, regulado pola Ordenanza 11, solo no urbanizable de núcleo rural (SNUN), construír unha vivenda unifamiliar de 79,99 m²., de semisoto, 80,64 m²., de planta baixa, 73,43 m²., de primeiro andar, 14,41 m²., de terrazas e unha piscina de 38,71 m².; de conformidade co proxecto reformado de básico e de execución elaborado polo arquitecto J. D. I., visado o 4 de setembro de 2017, deberá cumprir co sinalado pola Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia, no referente aos materiais a empregar nos núcleos de poboación e tamén en canto á obriga de conexión cos servizos existentes no núcleo e a formalizar perante o Catastro a modificación que presenta esta licenza. O presuposto de execución material ascende a cento vinte e oito mil oitocentos sesenta e cinco euros (128.865,00 €).

Acéptase a cesión para ampliación do vieiro municipal nunha superficie de 49,40 m²., formalizada en escritura pública de data 26.10.2017, perante o notario J. P. R. L. e o aval depositado en "Abanca" de data 14.12.2017, para responder polas obras de urbanización por importe de mil cincocentos setenta e tres euros con noventa e un céntimos (1.573,91 €).

Expediente 5809/2017. Licenza urbanística

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE 5809/2017.- Outorgar ao "ARZOBISPADO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA", con enderezo a efectos de notificacións en rúa Obispo Cerviño, nº 23-Aldán-Cangas, agás dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, licenza de obra para reconstrución da cuberta da capela de San Roque sita na Serra de Poente, de conformidade co proxecto básico elaborado polo arquitecto C. R. G., visado o 01.08.2017 e coas condicións impostas na autorización da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural de data 12.12.2017 obrante no expediente e a formalizar perante o Catastro a declaración conducente a incorporación neste da modificación do inmovible derivada da actuación para a que se outorga a presente licenza. O presuposto de execución material ascende a vinte e catro mil cento oitenta e dous euros con trinta e un céntimos (24.182,31 €).

Expediente 7428/2017. Licenza urbanística

Non hai acordo

Motivo: Ampliar documentación

Este punto da orde do día foi deixado sobre a mesa pendente de mellor estudo.

Expediente 7648/2017. Licenza urbanística

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 7.648/17.- Outorgar a M. V. C., con enderezo na Avda. José Graña, nº 11-Aldán, licenza de obras para no referido lugar reformar a planta baixa da vivenda existente en 56,14 m²., e outros tantos de primeiro andar, de conformidade co proxecto elaborado polo arquitecto J. L. D. G., visado en data 11 de decembro de 2017. As obras deberán cumprir co sinalado co sinalado na Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia, no referente aos

Concello de Cangas



materiais a empregar nos núcleos de poboación e a formalizar perante o Catastro a modificación que presenta esta licenza. O presuposto de execución material ascende a trinta e dous mil cento trinta e cinco euros con corenta e sete céntimos (32.135,47 €).

Acéptase a cesión formalizada en acta de comparecencia de data 27.12.2017 para ampliación do vieiro municipal por unha superficie de 1,44 m²., e a fianza depositada en "Abanca" para garantir as obras de urbanización da fronte da parcela o 27.12.2017.

Expediente 6364/2017. Licenza urbanística

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 6.364/17.- Outorgar a M. M. R. R. e M. B. C., con enderezo en rúa Carral, nº 16-3ºG-Vigo, licenza de obras para no lugar de rúa do Viñal-Fontañña-O Igrexario-O Hío, regulado pola Ordenanza 12, construír unha vivenda unifamiliar de 139,06 m²., de planta baixa e 48,15 m²., de terrazas, de conformidade co proxecto básico e de execución elaborado polo arquitecto J. R. L., visado o 14 de setembro de 2017. As obras deberán cumprir co sinalado pola Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia, no referente aos materiais a empregar nos núcleos de poboación e tamén en canto á obriga de conexión cos servizos existentes no núcleo e a formalizar perante o Catastro a modificación que presenta esta licenza. O presuposto de execución material ascende a noventa e sete mil seiscentos cinco euros con corenta e oito céntimos (97.605,48 €).

Acéptase a fianza depositada en "Abanca" para responder polas obras de urbanización por importe de mil seiscentos corenta e nove euros con setenta céntimos (1.649,70 €), materializado no expediente de obras 6.364/2017.

Expediente 6762/2017. Licenza de primeira ocupación

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 6.762/17.- Expediente de obras nº 24.457.- LICENZA Nº 23.423

Primeiro.- Outorgar LICENZA MUNICIPAL DE PRIMEIRA OCUPACIÓN, a J. A. S. F. E M. I. R. S., con enderezo en Cunchido de Abaixo, s/n-Darbo, para unha vivenda unifamiliar construída no referido lugar ao abeiro da licenza municipal nº 23.423, tendo en conta o informe-comprobación emitido ao respecto polo arquitecto municipal, de data 20 de decembro de 2017 e informe emitido pola xefa do servizo de urbanismo da mesma data.

Expediente 7619/2017. Comunicación previa en materia urbanística

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento



Concello de Cangas

EXPEDIENTE Nº 7.619/17.- Dase conta da comunicación previa presentada por J. L. P., para cambio de portón en cerramento sito no lugar de Pinténs, nº 98-O Hío, de conformidade coa documentación presentada. O presuposto de execución das obras ascende a catrocentos cincuenta euros (450,00 €).

Expediente 7720/2017. Comunicación previa en materia urbanística

Favorable

Tipo de votación:

Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 7.720/17.- Dase conta da comunicación previa presentada por F. P. A, para reparación de edificación adxectiva nunha superficie de 34,95 m²., sita no lugar de rúa da Laxe, nº 9-Nerga-O Hío, de conformidade coa documentación presentada. O presuposto de execución das obras ascende a catro mil catrocentos corenta e catro euros con trinta e dous céntimos (4.444,32 €).

Expediente 7786/2017. Comunicación previa en materia urbanística

Favorable

Tipo de votación:

Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 25.525 (7.786/17).- Dase conta da comunicación previa presentada por J. G. C., para reparación e reposición de tellado e pintado de fachadas na vivenda unifamiliar sita no lugar de Trigás, nº 30-Coiro, de conformidade coa documentación elaborada polo arquitecto técnico R. R. F., visada o 5 de maio de 2015 e condicións impostas pola Deputación Provincial de Vías e Obras de data 8 de xullo de 2015. O presuposto de execución das obras ascende a dous mil novecentos noventa e seis euros con corenta e dous céntimos (2.996,42 €).

Expediente 7502/2017. Comunicación previa en materia urbanística

Favorable

Tipo de votación:

Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 7502/2017.- Dase conta da comunicación previa presentada por M. M. O., con enderezo a efectos de notificacións en rúa Rosalía de Castro, nº 30-1°C-Vigo, para reforma parcial de vivenda para 6 apartamentos sita en Estrada de Bueu, nº 110-Vilariño-O Hío, de conformidade coa documentación incorporada ao expediente de data 29.11.2017. O presuposto de execución das obras ascende a sesenta e un mil trescentos sesenta e catro euros con setenta e nove céntimos (61.364,79 €).

Finalizada a obra deberá aportar certificado final de obra antes do inicio do exercicio da actividade.

Expediente 6756/2017. Comunicación previa en materia urbanística

Favorable

Tipo de votación:

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850



Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 6756/2017.- Dase conta da comunicación previa presentada por COMUNIDADE DE PROPIETARIOS "CAMINO FUENTE JAJA", con enderezo a efectos de notificacións na Avda. de Marín, nº 21-1º esquerda-Cangas, para reparación de cornisa da cuberta dun edificio de vivendas sito en rúa Fonte Jafa/Baixada a Mendiña-Aldán, nº 1-6, de conformidade coa documentación incorporada ao expediente de data 25.10.2017 e co informe favorable da Deputación de Pontevedra de data 14.12.2017. O presuposto de execución das obras ascende a seiscentos nove euros con noventa e catro céntimos (609,94 €).

Expediente 7631/2017. Cambio de titularidade para o exercicio de actividade

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 7631/2017.- Dase conta da comunicación previa presentada por F. P. D., con enderezo a efectos de notificacións en Estrada de Erbello á Madalena, nº 87–Aldán, para cambio de titularidade de comercio de venda polo miúdo de artigos de menaxe, ferretería e adornos, no local sito en rúa Real, nº 21 baixo-Cangas, que ata agora rexentaba N. S. M. L., visto o informe favorable da arquitecta de data 22.12.2017.

Expediente 3345/2017. Dación de conta de Sentenza nº 234/2017 (PO 131/2017)

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

Vistos os seguintes datos referentes á Sentenza nº 234/2017 (PO 131/2017), que son como seguen:

"1.- PO 131/2017.- DACIÓN DE CONTA SENTENZA Nº 234/2017 DITADA POLO XULGADO CONTENCIOSO ADMINISTRATIVO Nº 2

- Recorrente: AUTORIDADE PORTUARIA DE VIGO

- Contido: estima o recurso contencioso-administrativo presentado pola Abogacía do Estado, en representación da Autoridade Portuaria de Vigo, contra a resolución do 6 de febreiro de 2017 do alcalde-presidente do Concello de Cangas, pola que se ordena á demandante a reposición de cousas ao estado anterior á infracción, mediante a retirada do tendido e postes colocados en Cabo Home-O Hío, declara que a actividade administrativa impugnada non é conforme a Dereito debendo ser anulada a resolución recorrida.

- As custas impóñense á parte demandada e sen que a súa contía exceda de seiscentos euros (600,00 €).

- Cabe interpoñer recurso de apelación".

A Xunta de Goberno Local queda informada dos datos referenciados e acorda interpoñer recurso de apelación.



Expediente 5901/2017. Devolución de fianza ou cancelación de aval	
Favorable	Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento
<p><u>Primeiro.-</u> Recoñecer a devolución dos seguintes avais depositado pola empresa "Sociedad Española de Montajes Industriales SA" (SEMI SA),:</p> <ul style="list-style-type: none">- Licenza 23.122 por importe de 25.687, 13 € perante o Banco Gallego.- Licenza 22.958 por importe de 2.196,29 € perante o Banco Gallego.- Licenza 23.037 por importe de 1.404,00 € perante o Banco de Valencia.- Licenza 23.119 por importe de 83.003,01 € perante o Banco Gallego- Licenza 23.471 por importe de 1.200,00 € perante Kutxabank.- Licenza 23.794 por importe de 1.518,37 € perante Kutxabank.- Licenza 24.038 por importe de 1.488,93 € perante Kutxabank.- Licenza 24.039 por importe de 2.724,64 € perante Kutxabank.- Licenza 23.741 por importe de 1.200,00 € perante o Banco Popular- Licenza 23.770 por importe de 7.807,30 € perante Unicaja.- Licenza 23.426 por importe de 2.486,22 € perante Kutxabank- Licenza 23.346 por importe de 491,01 € perante Kutxabank- Licenza 23.344 por importe de 5.474,31 € perante Kutxabank <p><u>Segundo.-</u> Notificar este acordo á empresa interesada.</p>	

Expediente 6787/2017. Devolución de fianza ou cancelación de aval	
Favorable	Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento
<p><u>Primeiro.-</u> Recoñecer a devolución da fianza por importe de mil douscentos trinta e nove euros con sesenta e sete céntimos (1.239,67 €), depositado pola empresa "Galicia Espectáculos de Negreira SL", para a execución do contrato de servizos "Festas do Cristo 2017".</p> <p><u>Segundo.-</u> Notificar este acordo á empresa interesada.</p>	

Expediente 5772/2017. Devolución de fianza ou cancelación de aval	
Favorable	Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento
<p><u>Primeiro.-</u> Recoñecer a devolución do aval por importe de trece mil douscentos corenta e dous euros con corenta e seis céntimos (13.242,46 €), depositado pola empresa "Idades SL", para a execución do contrato de "Servizo de Axuda no Fogar".</p> <p><u>Segundo.-</u> Notificar este acordo á empresa interesada.</p>	



Expediente 6800/2017. Proposta de adxudicación definitiva dos lotes 3 e 4 do contrato de seguros privados do Concello

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar integramente a seguinte proposta da Alcaldía:

"Expediente núm.: C-17/26__6800/2017

Visto o expediente de contratación tramitado para a adxudicación de diversas pólizas de seguros privados para o Concello de Cangas iniciado mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 30.10.2017.

Visto que iniciada a licitación e previa convocatoria, a mesa de contratación, como órgano competente para a valoración das ofertas, realizou proposta de adxudicación do Lote 3 a favor da mercantil 'ALLIANZ COMPAÑÍA DE SEGUROS Y REASEGUROS SA'; e do Lote 4 a favor da empresa 'HELVETIA COMPAÑÍA SUÍZA SOCIEDAD ANÓNIMA DE SEGUROS Y REASEGUROS', por resultar as respectivas ofertas as mais vantaxosas das achegadas.

Visto que ámbalas dúas empresas achegaron en tempo e forma (registro nº 2018-E-RC-99 do día 04.01.2018 e registro nº 2018-E-RC-301 do día 09.01.2018, respectivamente) a documentación xustificativa de cumprir cos requisitos esixidos, o pago do anuncio de licitación e que así mesmo constituíron a garantía correspondente.

Por todo o que antecede, en uso das atribucións que a lexislación vixente me confire, propono á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:

ACORDO

Primeiro.- Adxudicar ás empresas que a continuación se detallan os seguintes seguros:

- *Lote 3 'Seguro de danos materiais' á empresa 'ALLIANZ COMPAÑÍA DE SEGUROS Y REASEGUROS SA', por importe de once mil novecentos trece euros con oitenta e seis céntimos (11.913,86 €), coas melloras e condicións especificadas na súa oferta.*
- *Lote 4 'Seguro de accidentes do Concello de Cangas' á empresa 'HELVETIA COMPAÑÍA SUÍZA SOCIEDAD ANÓNIMA DE SEGUROS Y REASEGUROS', con por importe de dous mil cincocentos euros (2.500,00 €) coas melloras e condicións especificadas na súa oferta.*

Segundo.- *A duración deste contrato privado é de dous (2) anos, susceptible de dúas prórrogas de carácter anual.*

Terceiro.- *Dispoñer o gasto que para o Concello supón a subscrición da póliza de seguro de danos materiais e o gasto do seguro de accidentes con cargo ás diferentes aplicacións orzamentarias que correspondan do vixente orzamento municipal.*

Cuarto.- *Notificar este acordo aos adxudicatarios e citar aos seus representantes para a formalización do contrato.*



Quinto.- Notificar a adxudicación do contrato aos licitadores que non resultaron adxudicatarios nos termos previstos no artigo 151.4 do TRLCSP.

Sexto.- Comunicar os datos básicos do contrato ao Rexistro de contratos do sector público, de conformidade co disposto no artigo 333.3 do TRLCSP.

Sétimo.- Dar traslado deste acordo aos departamentos municipais de Intervención e Apoio Xurídico, así como ao responsable do contrato."

Expediente 619/2017. Aprobación da conta xustificativa da axuda con cargo ao Plan Concellos 2017-Liña 3-Plan de Conservación e Funcionamento de Bens e Servizos Municipais (Urxencia)

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentiment

Vista a certificación do interventor municipal en relación ao expediente de Plan Concellos 2017-liña 3 e ao acordo da Xunta de Goberno da Deputación Provincial de data do 24 de marzo de 2017 de concesión de axuda para o Plan de Conservación e Funcionamento de Bens e Servizos Municipais, polo importe de 196.364,66 euros para a contratación de 29 persoas.

Vista a documentación que consta no expediente, a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro.- Aprobar a conta xustificativa da subvención do Plan Concellos 2016-Liña 3, polo importe total de 339.524,22 euros, correspondendo 249.050,40 € a salarios brutos e 90.473,82 € euros a Seguridade Social, de conformidade ao seguinte desglose:

6 PRAZAS DE PEÓNS VARREDORES/AS.- Salario bruto: 51.782,03 € e S.S: 17.968,39€

1.- G. C., A.

Custe salario bruto: 8.685,49.- Custe Seguridade Social: 3.013,87

2.- A. F., R.

Custe salario bruto: 8.586,09.- Custe Seguridade Social: 2.979,38

3.- C. P., M. E.

Custe salario bruto: 8.685,49.- Custe Seguridade Social: 3.013,87

4.- G. G. J. A.

Custe salario bruto: 8.685,49.- Custe Seguridade Social: 3.013,87

5.- S. V. M. S.

Custe salario bruto: 8.685,49.- Custe Seguridade Social: 3.013,87



Concello de Cangas

6.- H. V. S. (* Baixa voluntaria 16/08/2017)

Custe salario bruto: 3.943,47.- -Custe Seguridade Social: 1.368,38

R. R. J. G. (* Alta 17/08/2017)

Custe salario bruto: 4.510,51.- Custe Seguridade Social: 1.565,15

4 PRAZAS DE PEÓNS ALBANEIS.- Salario Bruto 33.826,27 € e 12.786,29 €

1.- D. I. M.

Custe salario bruto: 8.468,89.- Custe Seguridade Social: 3.201,23

2.- F. E. J.

Custe salario bruto: 8.445,62.- Custe Seguridade Social: 3.192,44

3.- F. C. J.

Custe salario bruto: 8.442,83.- Custe Seguridade Social: 3.191,38

4.- L. E. M. Á.

Custe salario bruto: 8.468,93.- Custe Seguridade Social: 3.201,24

12 PRAZAS DE PEÓNS AGRÍCOLAS.- Salario bruto: 101.740,42 € e Seguridade Social: 37.642,01 €

1.- P. G. A.

Custe salario bruto: 8.468,93.- Custe Seguridade Social: 3.201,23

2.- C. P. M.

Custe salario bruto: 8.468,93.- Custe Seguridade Social: 3.201,24

3.- C. P. A.

Custe salario bruto: 8.468,89.- Custe Seguridade Social: 2.930,50

4.- F. M. M. M.

Custe salario bruto: 8.468,89.- Custe Seguridade Social: 2.930,50

5.- L. L., F.

Custe salario bruto: 8.468,89.- Custe Seguridade Social: 3.201,23

Concello de Cangas



Concello de Cangas

6.- P. C. S.

Custe salario bruto: 8.582,55.- Custe Seguridade Social: 2.969,93

7.- P. M. C.

Custe salario bruto: 8.468,89.- Custe Seguridade Social: 3.201,23

8.- R. M. J. S.

Custe salario bruto: 8.468,89.- Custe Seguridade Social: 3.201,23

9.- S. N. C.

Custe salario bruto: 8.468,89.- Custe Seguridade Social: 3.201,23

10.- S. O. J. M.

Custe salario bruto: 8.468,89.- Custe Seguridade Social: 3.201,23

11.- S. I. P.

Custe salario bruto: 8.468,89.- Custe Seguridade Social: 3.201,23

12.- M. D. C.

Custe salario bruto: 8.468,89.- Custe Seguridade Social: 3.201,23

3 PRAZAS DE PEÓNS XARDINEIROS/AS.- Salario Bruto: 25.506,94 € e Seguridade Social 9.641,59 €

1.- P. S. Á.

Custe salario bruto: 8.468,89.- Custe Seguridade Social: 3.201,23

2.- R. G. S.,

Custe salario bruto: 8.569,16.- Custe Seguridade Social: 3.239,13

3.- S. V. M.

Custe salario bruto: 8.468,89.- Custe Seguridade Social: 3.201,23

1 PRAZA DE AUXILIAR ADMINISTRATIVO/A: Salario Bruto: 9.468,71 € e Seguridade Social: 3.039,47

1.- P. O. E.



Concello de Cangas

Custe salario bruto: 9.468,71.- Custe Seguridade Social: 3.039,47

1 PRAZA DE CONSERXE DE INSTALACIÓNS DEPORTIVAS: Salario bruto: 8.788,39 € e Seguridade Social: 2.878,20 €.

1.- V. C. M.

Custe salario bruto: 8.788,39.- Custe Seguridade Social: 2.878,20

1 PRAZA DE PEÓN DE EMERXENCIAS: Salario bruto: 8.468,93 € e Seguridade Social: 2.938,71 €

1.- B. M. M.

Custe salario bruto: 8.468,93.- Custe Seguridade Social: 2.938,71

1 PRAZA DE CONDUTOR: Salario bruto: 9.468,71 e Seguridade Social: 3.579,16

1.- M. P., J. A.

Custe salario bruto: 9.468,71.- Custe Seguridade Social: 3.579,16

Segundo.- Facer constar:

1º.- Que todos os servizos remataron o día 22 de novembro de 2017.

- Que toda a documentación queda a disposición da Deputación Provincial de Pontevedra.
- Que se deu conta ao Pleno de data do 27/10/2017 da subvención solicitada.
- Que se deu conta da subvención concedida en Xunta de Goberno Local de data do 31/05/2017 e actas publícanse na páxina dixital <http://cangas.gal/portal-cidadan/index/gl>
- Que se cumpriu coa finalidade da subvención.
- Que se tomou razón na contabilidade dos gastos que se xustifican e que os servizos foron unha peza clave no funcionamento diario do noso Concello.
- Que non se recibiu ningunha outra axuda ou subvención de entidade pública ou privada na contratación das 29 persoas que se xustifican.

Expediente 7784/2017. Solicitud de subvención á Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria para a dotación de novidades editoriais en Galego e mellora

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850



das coleccións bibliográficas-2018 (Urxencia)

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentime
nto

Publicada pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria a Orde do 22 de novembro de 2017, pola que se establecen as bases reguladoras da subvención a entidades locais de Galicia para a dotación de novidades editoriais en galego en formato físico e para a mellora das coleccións bibliográficas con destino ás bibliotecas e/ou axencias de lectura públicas de titularidade municipal, integradas na Rede de bibliotecas públicas de Galicia e se convoca para o ano 2018.

Contando o Concello coa titularidade da Biblioteca Pública Municipal Central de Cangas, cunha media semanal de apertura ao público de 68 horas e catro Axencias de Lectura, en Aldán, Darbo, Coiro e O Hío, cunha apertura de 20 horas semanais e reunindo os requisitos que na orde se especifican, a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro.- Solicitar dotación de novidades editoriais en galego en formato físico e mellora das coleccións bibliográficas con destino á biblioteca e as axencias de lectura públicas de titularidade municipal.

Segundo.- Nomear como responsable da xestión das solicitudes a P. R. G.

Terceiro.- Declarar que non se solicitou ningunha outra axuda ou subvención a entidade pública ou privada para este mesmo fin.

B) ACTIVIDADE DE CONTROL

Non hai asuntos

C) ROLDA DE INTERVENCIÓNS LIBRES

Prégase a revisión de obras realizadas con licenza nº 24.611

O concelleiro Sr. Hermelo Álvarez indica que en Xunta de Goberno Local do día 11 de xaneiro de 2016, no expediente de obras nº 24.611, se concedeu a I. Á. G. autorización municipal para a demolición de nave e construción de cerramento no lugar de Vilanova-O Hío.

Pon de manifesto que non se cumpriu coa licenza outorgada dado que o que se fixo foi unha vivenda.



Concello de Cangas

Por todo o exposto prega que se adopten as medidas pertinentes.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850